

ACTA CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA
XUNTANZA ORDINARIA DO 18 OUTUBRO DE 2016.

ORDE DO DIA

- 1 .- Aprobación da Acta anterior.
- 2 .- Dar conta das obras realizadas a cargo dos orzamentos participativos.
- 3 .- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo ás 20:15 horas do día 18 de outubro de 2016, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes :

Vicent Hernández Ramírez, representante da ANPA.
Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PSdeG-PSOE.
Juán José Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.
Manuel Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.
M^a Rita Núñez Puga, representante da Asociación de Veciños.
José Antonio Rodríguez Miguez, representante da Asociación de Augas.
Juan Carlos Fernández Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.
Jacinto Ricón Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.
Apolinar Couñago Garcia, representante de AER.
Ricardo Otero Cabaleiro, representante do PP.

Todas/os elas/es Baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Maria José Barciela Barros, asistidas/os por mín, M^a Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo ás 20:15 horas a Presidenta declara aberta a sesión e comezouse coa orde do día.

- 1 .- Aprobación da Acta do Consello anterior.

Absteñense Leonardo Cabaleiro Couñago, Juan Carlos Fernández Rodríguez e M^a Rita Núñez Puga por non estar presentes na xuntanza do anterior consello.

Queda aprobada a Acta do Consello anterior cos votos a favor dos restantes membros presentes.

- 2 .- Dar conta das obras realizadas a cargo dos orzamentos participativos.

A Presidenta toma a palabra para informar de que en breve comezará a construción dos dous muros aprobados no Consello Parroquial anterior, un deles en Santo Paio de Abaixo, parcela da Paradela, e outro na parcela da Viruquita.

Colocarónse tuberías na Carambola, xunto a de Néstor.

Solicitouse a Telefónica a retirada de tres postes na mesma zona.

Informa que hai dous proxectos listos, un en Pousadouro e outro un pouco máis arriba, coa intención de levalos a cabo no vindeiro ano.

Vicent Hernández pregunta se as rexas que se instalaron no colexio foron a cargo dos participativos, a presidenta contesta que se fixeron con cartos do concello.

M^a José Barciela comunica que solicitou á Deputación a limpeza do camiño que sube ata o colexio de Reboreda. Juan José Darriba pregunta se non se pode anhear este camiño, a presidenta recordalle que envíese un escrito a Deputación dende o concello, instado polos consellos parroquiais de San Martiño de Ventosela e de Reboreda solicitando esta actuación pero que aínda non obtuvo desposta.

A Presidenta informa que vanse instalar varios puntos de luz pola de Casanova, na zona de Torres Agrelo e en varios camiños máis, pero que en algunhas zona é preciso que se corten as acacias que estorban para a súa instalación.

Tamén comunica o próximo asfaltado do camiño Sobreiro.

Informa as/os membros de que poden solititar unha subvención da Xunta de Galicia destinada as traidas de augas, con un importe máximo de 15.000 €, IVE engadido, e dí que lle transmitiu toda a información as comunidades de augas.

José Antonio Rodríguez dí que dita subvención está bien para comunidades de augas que dispoñan de fondos, pero para comunidades pequenas coma a deles é complicada xa que hai que adiantar os cartos para pagar a obra e despois, unha vez xustificada a subvención, ingresan os cartos, e a súa comunidade non dispoñen de fondos para ese adianto.

A Presidenta dí que en Negros os comuneros adiantaron 500 € cada un e cando ingresaron a subvención recuperaron os cartos.

Juan Jose Darriba comunica que a asociación de veciños, despois dunha xuntanza, solicitaron cartos á comunidade de montes para levar a cabo obras, e cando recibiron a subvención aboaronlle a débeda.

M^a José Barciela quere informar que a asociación de veciños vai a asfaltar dous camiños que no son municipais, na estrada de Pazos e na Quintana.

Jacinto Ricón dille a presidenta que no camiño da Garonda, dende o cruce do río ata Santo Paio, hai unha parte do camiño sen asfaltar, nesa zona hai tres casas que teñen o acceso de terra.

Vicent Hernández pregunta si é factible asfaltar a zona por donde pasa a traida

M^a José Barciela dí que é bastante complicado, que en Chapela o teñen solicitado pero non obteñen permiso para facelo.

Juan Carlos Fernández dí que hai outras zonas da traida asfaltadas.

José Antonio Rodríguez dí que xa existía o camiño antes de que a traida pasara por ali. A Presidenta comprometése a solícialo a Vigo.

3.- Rogos e preguntas.

Vicent Hernández toma a palabra e expón que na entrada do colexio cando chove é un caos, os coches aparcan en calquera sitio e os autobuses teñen moitos problemas para saír, e pregunta se se pode anchar a zona onde se taparon as rejillas.

Propón o consello valorar a posibilidade de que, nas horas de entrada e saída do colexio, a rúa fose de sentido único.

Juán José Darriba dille a presidenta que se pode falar co veciño de enfrente do colexio e solíciallle que retranquee o muro cedendo terreo, que o concello lle construa o muro e que quede escriturado dita cesión.

José Antonio Rodríguez pensa que a dirección única regulado cun semáforo con temporizador sería a mellor.

Juan Carlos Fernández pregunta por que non se habilita o campo de arriba para aparcar, facendo unha porta de entrada e outra de saída estaría o problema resolto sen moitas complicacións.

A Presidenta opina que a dirección única ten o problema de que ese é o acceso que hai para Ventosela e non se pode mermar dita vía.

Decídese pasar as dúas propostas a policía municipal para que estudien a viabilidade das dúas opcións :

- Dirección única.
- Acondicionar o campo de arriba para estacionamento.

Vicent Hernández pregunta se se poden mover os contenedores sitos enfrente a entrada do colexio para un pouco máis abaixo. M^a José Barciela contesta que o ve difícil porque non se lle poden colocar enfrente a vivenda ali existente e teñen que quedar a unha distancia mínima dos muros para que os camións os podan recoller.

A presidenta dí que vai solíccitar do concelleiro de tráfico que pinte algo na calzada que impida os vehículos parar.

Juan José Darriba pregunta a presidenta coma está o tema da auga que cae dende o ponte do AVE.

M^a José Barciela dí que o ten solíccitado moitas veces pero sen resposta ningunha.

José Antonio Rodríguez dí que eso é culpa do concello, que sempre houbo dexadez en relación as parroquias, e sempre se preocuparon máis do centro do pobo, e que entre outras cousas o concello tivo tempo de solíccitarlle a ADIF as parcelas preto do supermercado Familia e habilitalas para estacionamento e nunca o fixo.

Leonardo Cabaleiro expón que o concello vai recibir cartos do FEDER, que parte desa subvención é para aparcamentos disuasorios e que habrá que reclamar ó concello que os faga. Opina que cando o goberno se embarca nun proxecto tan grande coma é o Redondela 2020 ten que informar os cidadáns e estes reclamar ó concello cando, como e en que condicións se realizan as inversións.

Por outra banda, preguntalle a presidenta cando se lle solicitou á Deputación o ensanche da carretera que vai a Ventosela, porque o concello recibe cartos levar a cabo estas actuacións.

A presidenta explicalle que se lle enviou unha solicitude á Deputación en Nome dos consellos parroquiais de San Martín de Ventosela e de Reboreda o ano pasado pero que non tiñeron despostas, ase mesmo ten solicitado unha reunión nesa institución con igual resposta.

Leonardo Cabaleiro dí que o concello recibio cartos da Deputación pero que foron destinados a saneamentos en outras parroquias.

M^a Jose Barciela dí que o Redondela 2020 é principalmente para cascos urbanos, o que Leonardo Cabaleiro replica que iso non é así, e que se vai a aplicar eficiencia energética no rural. A presidenta dí que a subvención do Redondela 2020 aun está por acabar de resolver para que estás destinada.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo ás 21.05 horas.